

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ORDE do 31 de decembro de 2020 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a continuidade de casas do maior, en réxime de concorrencia non competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento BS212B).

De acordo co artigo 50 da Constitución española, os poderes públicos garantirán, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns durante a terceira idade. Así mesmo, e con independencia das obrigacións familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer.

O artigo 148.1.20 da Constitución española establece que as comunidades autónomas poderán asumir competencias, entre outras, en materia de asistencia social. Ao abeiro do devandito precepto, o artigo 27.23 do Estatuto de autonomía para Galicia atribúelle a esta Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de servizos sociais.

Neste marco competencial, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Entre outros aspectos, a Lei regula a forma en que se prestarán os servizos sociais, permitíndolles ás persoas físicas e xurídicas privadas, sexa de iniciativa social ou de carácter mercantil, a posibilidade de crear centros de servizos sociais, así como xestionar programas e prestacións desta natureza, de conformidade co establecido polo lexislador e, en todo caso, cumprindo os requisitos de calidade e demais condicións que estableza a normativa reguladora dos servizos sociais de Galicia.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, prevé, no seu artigo 3, como obxectivos do sistema galego de servizos sociais garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia, así como prever a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección.

No artigo 4 da citada lei enumera como principios xerais dos servizos sociais, entre outros, a prevención, a equidade e equilibrio territorial e a autonomía persoal e vida independente. Desta forma, as políticas de servizos sociais débense orientar a prever e superar as causas que orixinen as necesidades sociais, dando prioridade ás accións preventivas, constituíndo unha obriga dos poderes públicos facilitar os medios necesarios para que as



persoas dispoñan das condicións máis adecuadas e dos apoios necesarios para desenvolver os seus proxectos vitais, dentro da unidade de convivencia que desexen, segundo a natureza dos servizos, a súa idoneidade e as súas condicións de utilización, sempre con respecto da libre decisión das persoas.

Por outra banda, coa aprobación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, creouse o Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD), coa finalidade principal de garantir as condicións básicas e de protección destinadas á promoción da autonomía persoal e á atención das necesidades das persoas con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria, prestacións dentro do sistema de servizos sociais.

O desenvolvemento da rede de centros e servizos sociais ten que ter presente a necesidade de compensar os desequilibrios territoriais, garantindo o acceso ao sistema das galegas e galegos que residan en áreas con altas taxas de envellecemento e dispersión, mediante unha oferta equitativa e equilibrada de servizos en todo o territorio.

Desta forma aténdese, por unha banda, o benestar de cuidadores familiares, co fin de contribuír a diminuír a carga dos cuidados e a favorecer que a permanencia das persoas en situación de dependencia na súa contorna se realice nas mellores condicións de equidade no acceso a recursos de proximidade, con independencia do lugar onde residan e, por outra banda, foméntase a prevención das situacións de dependencia en persoas maiores que aínda gozan de autonomía, paliando, así mesmo, as situacións de illamento social que sofre gran parte deste colectivo.

Co obxectivo de impulsar novas iniciativas de servizos, aprobouse a Orde do 24 de agosto de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior e se convocan en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2018 e 2019.

Neste marco de actuación, cómpre fomentar o mantemento dos proxectos en marcha no ano 2019 a través dunha convocatoria que contribúa a consolidar as casas do maior.

Estas experiencias piloto perfílanse como fórmula destinada a contribuír na atención e prevención da dependencia para manter e mellorar a calidade de vida das persoas maiores de 60 anos en situación de dependencia moderada e severa, graos I e II, respectivamente,

CVE-DOG: owu9a6e0-jcj1-hrr0-ido3-s4gosudrm3d9



así como para persoas maiores sen dependencia, como recurso de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal. Comprenderá a atención específica das súas necesidades básicas de alimentación, hixiene e tempo libre, de forma que se procure o mantemento no medio social habitual evitando o internamento noutro tipo de recursos cando non sexa demandado ou cando non existan preto do seu domicilio habitual.

Ademais, impúlsase e apóiase a prestación destes servizos de atención aos maiores mediante fórmulas de autoemprego e de economía social, que demostraron ser eficaces para a dinamización económica local e, consecuentemente, para a fixación de poboación ao territorio.

Así mesmo, se as persoas promotoras das casas asumen o desprazamento das persoas usuarias, percibirán unha axuda máxima de 5 euros por persoa e día, sempre que acrediten a prestación do servizo de conformidade co establecido na presente orde.

Co exposto, e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 20 de novembro de 2020 o proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, o fomento desta continuidade realizarase a través da presente convocatoria pública de axudas, baixo o procedemento de concorrencia non competitiva, que se tramitará como expediente anticipado de gasto, de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, e na Orde da Consellería de Economía do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000.

Desta forma, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 no momento da súa resolución.

Esta orde de convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,



RESOLVO:**Artigo 1. *Obxecto e finalidade***

1. Esta orde ten como obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria, para o ano 2021, de subvencións destinadas a persoas físicas ou cooperativas de traballo asociado para a continuidade e mantemento das casas do maior postas en marcha no ano 2019.

2. O código do procedemento regulado nesta orde é o BS212B.

3. A casa do maior perfílase como fórmula destinada a contribuír na atención e prevención da dependencia para manter e mellorar a calidade de vida das persoas maiores de 60 anos en situación de dependencia moderada e severa, graos I e II, respectivamente, así como para persoas maiores sen dependencia, como recurso de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal. O servizo comprenderá a atención específica das súas necesidades básicas de alimentación, hixiene e tempo libre, de forma que se procure o mantemento no medio social habitual evitando o internamento noutro tipo de recursos cando non sexa demandado ou cando non existan preto do seu domicilio habitual.

Deseñarase e organizarase un ambiente e trato familiar, en que se dea resposta ás necesidades derivadas da idade e da situación de dependencia das persoas usuarias, co fin de evitar e /ou atrasar a institucionalización de persoas maiores, reducindo a súa dependencia e illamento sociais.

4. Estes proxectos pilotos teñen, sen prexuízo do establecido para o servizo de manutención, carácter gratuíto na modalidade de atención diúrna e de luns a venres durante todo o ano, excepto os días festivos e un mes de cada doce, en que a casa do maior permanecerá pechada por vacacións.

5. Salvo as excepcións previstas no número anterior, o proxecto debe manterse en funcionamento ininterrompidamente durante todo o ano, polo que é necesario contar cunha persoa que substitúa a titular no caso de enfermidade ou algunha situación de emerxencia.

6. A atención prestada comprende a manutención, a hixiene, o desenvolvemento de actividades de lecer e/ou adestramento cognitivo.

As persoas usuarias da casa do maior decidirán voluntariamente se fan uso do servizo de manutención. As persoas beneficiarias das axudas poderán facturar por este servizo



un máximo de 5 euros por persoa e día, sempre que se realice un servizo completo. Para estes efectos, con anterioridade ao ingreso na casa do maior, deberán informar as persoas usuarias das súas condicións esenciais do mesmo.

7. Se a persoa promotora da casa opta por asumir o desprazamento das persoas usuarias ata a mesma, percibirá unha axuda adicional da Xunta de Galicia, a razón de 5 euros por persoa e día. Para estes efectos, deberá cubrir unha declaración responsable na que manifieste a súa vontade de prestar o servizo de desprazamento, no caso de que as persoas usuarias quixeran facer uso del.

8. As persoas maiores poderán acudir ao centro un máximo de oito horas diarias nun horario flexible que se pactará co/coa profesional que desenvolva o proxecto piloto. En función deste, servirse a comida, o almorzo e/ou a merenda, segundo proceda.

9. Cada casa do maior terá un máximo de 5 prazas.

As persoas maiores que acudan á casa do maior deberán estar, en todo caso, empadroados/as no concello en que esta se situase ou nun limítrofe.

Non poderán ser persoas usuarias aquelas persoas que precisen de atención e coidados sanitarios continuados, nin padezan enfermidades infecto-contaxiosas en fase activa sen tratamento efectivo instaurado, trastornos adictivo que precisen dun tratamento de deshabitación ou trastornos condutais severos que impidan a normal convivencia na casa.

10. Para acceder ao financiamento previsto é necesario que se atenda un mínimo de 1 e un máximo de 5 persoas maiores.

Para estes efectos, non se terá en conta o período de tempo que transcorra para a adxudicación da praza, así como o establecido entre a notificación da adxudicación de praza á persoa usuaria e a súa ocupación efectiva.

Artigo 2. *Financiamento*

1. Esta convocatoria tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, e na Orde da Consellería de Economía do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto.



Desta forma, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 no momento da súa resolución.

2. A contía total máxima destinada ás axudas reguladas na presente orde é de 515.000,00 euros, que se imputará á aplicación orzamentaria 13.04.312E.470.0.

3. De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar, como máximo, ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da dita Orde do 11 de febreiro de 1998, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

4. De acordo co previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, excepcionalmente poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que procede. A ampliación do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria, sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 3. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas axudas para a continuidade do funcionamento das casas do maior as persoas físicas que se estableceron como empresarias autónomas ou que constituíron cooperativas de traballo asociado que, durante o ano 2019, puxesen en marcha unha casa do maior.

Só poderán acceder ás axudas aqueles promotores/as de casas do maior que contaran polo menos, cunha persoa usuaria nos anos 2019 e 2020 ou respecto das cales exista solicitudes de persoas usuarias pendentes de tramitación, na data de publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.



Artigo 4. *Accións e gastos subvencionables*

Será subvencionable ao abeiro desta convocatoria a prestación da atención individualizada dos maiores de 60 anos, en situación de dependencia, graos I e II, e das persoas sen dependencia, como recurso de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal, nas condicións previstas no artigo 2.

Artigo 5. *Tipos de axuda e contías*

1. A axuda polo mantemento do proxecto piloto consistirá nunha achega económica de 19.600 €/ano en forma de prima destinada a apoiar esta iniciativa emprendedora que se liquidará nos termos previstos no artigo 19.

2. Adicionalmente, no caso de que os promotores optasen por asumir o desprazamento das persoas usuarias, como persoas beneficiarias das axudas desta orde poderán percibir un máximo de 5 euros por persoa usuaria e día. Para estes efectos, o beneficiario da axuda deberá acreditar o número de usuarios deste servizo mediante a cobertura do anexo V.

Artigo 6. *Procedemento e réxime*

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase baixo o réxime de concorrencia non competitiva, xa que polo seu obxecto non é preciso realizar unha comparación e determinar unha orde de prelación entre as persoas solicitantes. De acordo co establecido nos artigos 19.2 e 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano competente para a tramitación do procedemento instruirá os expedientes seguindo rigorosamente a orde de presentación das solicitudes e concederelles a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito a todas aquelas persoas beneficiarias que cumpran cos requisitos.

Estas axudas ampáranse no réxime *de minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L 352, do 24 de decembro). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión. Por tanto, de recibir a persoa física ou xurídica outras axudas baixo o réxime *de minimis*, deberase garantir que non se supera o límite de 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.



Artigo 7. Concorrenza con outras axudas ou subvencións públicas

1. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

2. No caso de percibirse outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo do investimento ou dos gastos de mantemento da actividade.

4. As persoas solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade, usando o formulario establecido para o efecto nesta orde, o cal terán que volver enviar actualizado sempre que varíe a situación inicialmente declarada.

Artigo 8. Solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último



día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. Se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras, o órgano responsable da tramitación requirirá as persoas interesadas para que, nun prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte a notificación do requirimento, emenden a falta ou presenten os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixeren, teranse por desistidas da súa petición, logo de correspondente resolución, nos termos previstos polo artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. Con cada solicitude (anexo I), as persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación:

a) Certificado ou informe médico oficial acreditativo das condicións de saúde. No caso de cooperativas de traballo asociado, esta documentación deberá estar referida á/ás persoa/s socia/s encargadas do desenvolvemento do proxecto piloto.

b) Xustificante da vixencia da póliza de seguro por un importe mínimo de 15.000 euros, que garanta a cobertura das contingencias de responsabilidade civil, danos a terceiras persoas e accidentes que se puidesen xerar por feitos ou circunstancias ocorridos como consecuencia da súa estadía nel ou das actividades propias que se realicen no exterior.

c) Anexo III, cuberto cos datos da persoa encargada do desenvolvemento da actividade, no caso de cooperativas de traballo asociado.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada



ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaian presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou ten un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:



a) Documento nacional de identidade (DNI) ou número de identidade de estranxeiro/a (NIE) da persoa solicitante, persoa representante e da que está a desenvolver o proxecto piloto no caso de cooperativas de traballo asociado e número de identificación fiscal (NIF), no suposto de cooperativas de traballo asociado.

b) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia da persoa ou entidade solicitante e da persoa que vai desenvolver o proxecto piloto.

c) Alta na Seguridade Social no réxime especial de autónomos da persoa solicitante e da persoa que vaia desenvolver o proxecto piloto.

d) Inhabilitacións vixentes para obter subvencións do solicitante e/ou persoa que vaia desenvolver o proxecto rexistradas na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) no período solicitado.

e) Concesións das axudas ás cales aplican a regra *de minimis* vixentes do solicitante e/ou persoas que vaian desenvolver o proxecto e rexistras na Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

f) Vida laboral do últimos 12 meses.

g) Imposto de actividades económicas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilita a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. *Instrución do procedemento*

1. A instrución do procedemento corresponde ao órgano competente en materia de sistemas de acceso e admisión nos centros e servizos para as persoas maiores en situación



de dependencia, maiores e con discapacidade, quen realizará as correspondentes propostas de resolución.

2. As axudas concederanse baixo o réxime de concorrencia non competitiva. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta e resolución, e poderalle requirir ao/á solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Os expedientes que, tras o trámite de emenda, non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou, de ser o caso, non a presenten nos modelos normalizados quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de denegación da solicitude na cal se indicarán as causas desta.

En todo caso, non se admitirán a trámite, e dítarase a resolución de inadmisión e procederase ao seu arquivamento, as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido no artigo 8.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución.

Artigo 13. *Resolución*

1. A resolución dos expedientes de axudas, tras a fiscalización da proposta, corresponde á persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, que resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social.

Con anterioridade a dítarse a resolución de concesión, deberá quedar acreditado que a persoa beneficiaria está ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O prazo para resolver será de dous (2) meses, que se computarán desde o día seguinte ao da entrada da solicitude no rexistro electrónico do órgano competente. Transcorrido devandito prazo sen que recaese resolución expresa, entenderase desestimada.

3. A resolución de concesión comprenderá a identificación da persoa beneficiaria e as obrigacións que lle corresponden, a contía da subvención e os requisitos específicos relativos a produtos ou servizos que se deban obter con ela.



Artigo 14. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde á posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practícará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 15. Réxime de recursos

As resolucións expresas ou presuntas que se ditan ao amparo da presente orde poñerán fin á vía administrativa.

Poderán recorrerse potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as ditara ou ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo, neste último caso nun prazo de 2 meses desde o día seguinte ao da notificación.



O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto é expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, se é o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Se o acto non é expreso, poderase interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa normativa específica, se produza o acto presunto

Artigo 16. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 17. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. De conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e sen prexuízo das demais obrigacións que resulten da normativa aplicable, as persoas beneficiarias destas axudas están obrigadas a:

a) Executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano que a concede, sen prexuízo da facultade da Consellería de Política Social de comprobar a realización material das actuacións.

b) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control. Deberán, igualmente, conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control de acordo coa lexislación vixente.

c) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información relativos aos programas e actuacións realizados, a condición de subvencionados pola Consellería de Política Social.



d) Levar un rexistro de persoas usuarias en soporte papel ou electrónico onde consten os datos de identidade das persoas maiores que se atenden, dos seus titores, de ser o caso, así como o día e o horario de atención e as autorizacións para a administración de medicamentos, de ser o caso.

e) Levar un rexistro das persoas usuarias en soporte papel ou electrónico onde consten os datos de identidade dos usuarios e usuarias que fagan uso do servizo de comidas.

f) Levar un rexistro mensual das persoas usuarias do servizo de desprazamento onde consten os datos de identidade das persoas maiores que fagan uso del, ou dos seus titores ou representantes legais, de ser o caso, así como o número de días de utilización do servizo no caso de que o promotor/a se comprometa a asumir o desprazamento das persoas usuarias.

g) Cumprir con todas as obrigas derivadas da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter especial, debendo recadar os consentimentos necesarios para o tratamento dos datos de carácter persoal que manexen no desenvolvemento da experiencia piloto.

h) Informar o público de que o servizo está financiado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política social. No lugar de prestación do servizo colocárase nun lugar destacado e visible un cartel informativo dun tamaño mínimo A3 en que apareza o anagrama da Consellería de Política Social.

i) Efectuar a xustificación para a percepción da axuda conforme o establecido nesta orde.

j) Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

k) Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar toda a información requirida pola Consellería de Política Social así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas, o Tribunal de Contas, e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

l) Comunicarlle ao órgano convocante a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.



m) Acreditar o estado de saúde co correspondente certificado ou informe médico oficial en que conste que a persoa promotora non padece patoloxía que lle impida o correcto desenvolvemento da actividade.

n) Contratar un seguro que cubra as contingencias de responsabilidade civil, danos a terceiras persoas e accidentes durante o desenvolvemento da actividade subvencionada.

ñ) Poñer en coñecemento do órgano convocante todas as situacións que dean lugar á substitución da persoa titular do servizo con anterioridade a que se produza, sempre que non sexa debida a unha situación imprevista, ou no prazo de dez días desde que se produza no resto dos casos. Nestes supostos, deberase acompañar a documentación xustificativa do contrato laboral e a alta na Seguridade Social, así como o certificado médico oficial das condicións de saúde da persoa substituta.

o) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, estar ao día nas obrigacións tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Cando as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instructor, segundo o artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, desen como resultado que o/a solicitante ou o/a beneficiario/a ten débedas ou obrigacións con algunha destas administracións, será requirido/a para que regularice a situación e presente por si mesmo os correspondentes certificados.

p) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

q) Todas aquelas obrigacións e requisitos que se desprendan do articulado desta orde e dos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e da súa normativa de desenvolvemento.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a fornecer á Administración, ao organismo ou á entidade previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigacións previstas no título I da citada lei.



3. As persoas beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 18. *Xustificación da subvención*

1. As persoas beneficiarias deberán xustificar as actuacións realizadas no ano 2021 en curso ata o 30 de novembro de 2021 e presentarse con data límite do 7 de decembro de 2021.

2. Con base no establecido no título III, artigo 48.3, do Decreto 11/2009, do 8 do xaneiro, e tendo en conta o obxecto e a natureza destas axudas, as persoas beneficiarias con cada solicitude de pagamento (anexo II) deberán presentar os rexistros mensuais de asistencia asinados pola/s persoa/s responsable/s do desenvolvemento do proxecto e polas persoas maiores ou, de ser o caso, polos seus titores ou representantes legais que acudan á casa do maior (anexo IV).

Así mesmo, para xustificar a axuda destinada a cubrir o servizo de desprazamento deberán achegarse os rexistros mensuais relativos ás persoas usuarias do servizo de desprazamento (anexo V).

Para xustificar o servizo de manutención, deberán achegarse os rexistros mensuais das persoas usuarias do servizo de manutención (anexo VI).

3. Adicionalmente, na xustificación final, presentarse a seguinte documentación:

a) Memoria de actuación onde consten todas as prestacións realizadas ás persoas maiores, asinada polo beneficiario da axuda.

b) Acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, copias, capturas de pantalla...) do cumprimento da obrigaçión de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

4. No caso de que a xustificación sexa incorrecta e/ou incompleta, requirirase a persoa beneficiaria para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, decaerá o dereito á subvención e procederase, tras a resolución, á revogación da axuda e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.



5. No suposto de suspensión temporal da actividade en cumprimento das medidas establecidas pola autoridade sanitaria como consecuencia da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, as persoas beneficiarias da axuda deberán achegar a seguinte documentación xustificativa:

a) Anexo II.

b) No suposto de terse acollido a unha prestación extraordinaria por cese de actividade das persoas traballadoras autónomas relacionadas coa COVID-19: documentación acreditativa expedida polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) ou mutua colaboradora.

6. No suposto de suspensión temporal da actividade en cumprimento das medidas establecidas pola autoridade sanitaria como consecuencia da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, no caso de ter mantido a alta como traballador/a autónomo/a no Réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social e a alta fiscal durante o período de suspensión da actividade presencial, comprobaranse, de acordo co disposto no artigo 11, os seguintes datos: vida laboral e imposto de actividades económicas.

Artigo 19. *Pagamento*

1. En relación co pagamento da prima polo desenvolvemento do proxecto, as persoas beneficiarias percibirán con anterioridade á xustificación da axuda, un pagamento de ata o 100 % da cantidade da subvención que lles corresponda pola atención relativa á dita anualidade en concepto de pagamento anticipado que se fará efectivo no momento da notificación da concesión.

En todo caso, deberá presentarse a documentación xustificativa relativa ás actuacións realizadas no ano 2021 con data límite do 7 de decembro de 2021.

2. O pagamento da axuda destinada a cubrir o desprazamento dos usuarios levarase a cabo logo de solicitude da persoa promotora unha vez xustificado o número efectivo de usuarios e días de servizo.

Por solicitude da persoa beneficiaria, realizaranse pagamentos á conta da liquidación definitiva cuxo importe total non poderá superar o 90 % da contía anual da subvención concedida, achegando para o efecto os anexos II e V.



3. Antes de proceder ao pagamento de cada liquidación final, o órgano xestor incorporará ao expediente a acreditación de que os adxudicatarios están ao día nas súas obrigacións tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración da Comunidade Autónoma.

4. Atendendo á natureza da actividade que se vai desenvolver, para a resolución de concesión dos anticipos e pagamento á conta da liquidación efectiva previstos nesta orde non será preciso a constitución de garantías.

Artigo 20. Incumprimento, revogación e reintegro de axudas

1. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida calquera incumprimento das obrigas previstas no artigo 16 e concretamente:

a) O incumprimento da finalidade ou do obxectivo para o que se concedeu a subvención ou a obriga de xustificar a realización da actuación e a non permanencia mínima da actividade subvencionada.

b) A obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para iso ou ocultación daquelas que o impedisen.

c) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, ou o incumprimento das obrigacións contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos.

2. Para os efectos desta orde, consideraranse supostos de reintegro parcial:

a) Non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas e os investimentos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os fondos financiados que supoñerá unha perda do 2 % da subvención concedida.

b) Non dar publicidade ao financiamento dos investimentos obxecto de subvención, que supoñerá a perda dun 2 % da subvención concedida.

c) Non comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que



fundamentasen a concesión da subvención, que supoñerá a perda dun 5 % da axuda concedida. Esta porcentaxe do 5 % aplicarase unha vez descontado o exceso obtido sobre os topes máximos legalmente establecidos.

d) Non manter os investimentos obxecto da subvención durante o período establecido, o que supoñerá un reintegro da subvención correspondente ao activo non mantido, de forma proporcional ao período en que se incumpriu este requisito.

e) A ausencia de actividade presencial derivada da suspensión como medida preventiva de saúde pública a raíz da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 sempre que a persoa beneficiaria mantivese a súa alta como traballadora autónoma no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social e a súa alta fiscal, que suporá a perda dun 2 % da subvención concedida, aplicado proporcionalmente. No suposto de que a persoa beneficiaria se acollese a unha prestación extraordinaria por cese de actividade das persoas traballadoras autónomas por motivos da COVID-19, esta contía do 2 % incrementarase no importe da prestación recibida.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refiren os puntos anteriores, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

4. Con anterioridade ao requirimento previo da Administración, as persoas beneficiarias poderán realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia ES8220800300873110063172, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 21. *Infraccións e sancións*

As persoas beneficiarias das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 22. *Control e verificación*

Todas as axudas concedidas ao amparo desta orde estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma,



nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento; e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 23. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 24. *Información ás persoas interesadas*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional no enderezo <https://sede.xunta.gal>, na Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, no Servizo de Recursos Comúns e Atención ao Alzheimer, a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>, do teléfono 012 ou de modo presencial.

Disposición adicional primeira. *Usuarios da Casa do Maior*

1. Acceso ao recurso.

Poderán acceder a este recurso, por unha banda, as persoas ás cales de conformidade co Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes lles recoñecese a súa condición de persoas en situación de dependencia, grao I ou grao II, e lles resolve no seu programa individual de atención o recurso regulado nesta norma.

Igualmente as persoas maiores que non teñan recoñecida a condición de dependencia poderán acceder ao recurso, polo sistema de libre concorrência, de existiren dispoñibilidade de prazas.



As persoas que queiran acceder ás casas de maior deberán, en todo caso, seguir o procedemento de recoñecemento da dependencia.

No acceso a este recurso terase en conta a aplicación dos seguintes criterios:

No caso de persoas maiores en situación de dependencia: terase en conta a aplicación dos criterios establecidos no artigo 44.4 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

No caso de persoas maiores sen grao de dependencia, teranse en conta para o acceso ao recurso os seguintes criterios:

1. A menor capacidade económica.
2. A situación socio-familiar da persoa.
3. A non percepción doutra prestación ou servizo.
4. A data de presentación da solicitude de valoración da dependencia.
5. Idade da persoa solicitante.

En todo caso, terán prioridade no acceso ao recuso as persoas en situación de dependencia.

2. Asignación e ingreso do servizo.

Todas as casas do maior que xestionen este recurso deberán comunicar á xefatura territorial correspondente todas aquelas prazas que se atopen vacantes e dispoñibles para a súa cobertura no prazo máximo de cinco días hábiles desde que aquelas adquirisen tal condición.

Tras a proposta de resolución ditada polo órgano de valoración de dependencia da respectiva xefatura territorial, correspóndelle á xefatura territorial competente resolver a asignación de prazas vacantes en cada momento.



3. Notificación e recursos.

A resolución da asignación do recurso non pon fin á vía administrativa. Será notificada á persoa interesada pola unidade administrativa responsable, quen poderá impugnalas en recurso de alzada ante a dirección xeral competente en materia de dependencia, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Comunicación ao promotor do proxecto piloto.

De forma simultánea á notificación á persoa interesada, a xefatura territorial correspondente comunicarlle ao promotor do recurso a asignación de praza vacante, para os efectos de que nun prazo máximo de cinco días se poña en contacto coa persoa beneficiaria, co fin de acordar o ingreso efectivo. O contacto coa persoa beneficiaria poderá realizarse por calquera medio que permita ter constancia da súa realización.

O prazo para o ingreso na praza vacante será de dez días naturais que comezarán a contar desde o día seguinte a aquel en que a persoa interesada reciba a comunicación por parte do promotor do proxecto piloto, nos termos a que se refire o parágrafo anterior. A non incorporación no prazo sinalado entenderase como unha renuncia ao dereito.

5. Comunicación do ingreso.

No prazo de dous días hábiles desde que se produza o ingreso, o promotor do proxecto deberá comunicar á xefatura territorial a data en que aquel tivo lugar. Así mesmo, deberá comunicarse á indicada xefatura os casos de non incorporación dentro do prazo establecido e de renuncia, acompañando a documentación acreditativa.

6. Renuncia.

A persoa solicitante, ou quen exerza a súa representación legal, poderá renunciar ao dereito recoñecido de asignación do recurso. Formalizada a renuncia, archivarase a solicitude e poñerase fin ao expediente.

7. Adiamento do ingreso.

Cando por causas de forza maior ou por razón de ingreso hospitalario non se produza o ingreso dentro do prazo regulado no punto 4 desta disposición adicional, a persoa interesada antes da finalización deste prazo, poderá solicitar o seu adiamento. De ser o caso, a



súa praza será cuberta por outra persoa. Desaparecida a causa que xustifica o adiamento, incorporárase na primeira vacante que se produza no recurso previamente recoñecido.

A autorización do adiamento, que recollerá debidamente xustificada a súa causa, efectuaráase a xefatura territorial nun prazo máximo de tres días hábiles.

Subsidiariamente ao disposto nesta disposición adicional, será de aplicación a normativa vixente en materia de ingresos.

Disposición adicional segunda. *Delegación de competencias*

Autorízase expresamente a persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade para actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social para resolver a concesión, denegación, modificación e actos do procedemento previstos nesta orde, así como para autorizar e dispoñer gastos, o recoñecemento das obrigacións e a proposta de pagamentos, en relación co disposto no artigo 73.a) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o ditado de instrucións*

Facúltase á persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións precisas para o desenvolvemento desta convocatoria, as cales serán obxecto de publicación no portal de Benestar.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2020

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social




ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS PARA A CONTINUIDADE DAS CASAS DO MAIOR	BS212B	SOLICITUDE


DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

DATOS DA CASA DO MAIOR							
NOME	CORREO ELECTRÓNICO						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: owu9a6e0-icj1-hrr0-ido3-s4gosudrm3d9




ANEXO I
 (continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se concede a axuda solicitada.
2. Que se compromete expresamente ao mantemento da actividade subvencionada durante o período establecido.
3. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

4. Que en relación con axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

5. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
6. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
7. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
9. Que en relación coa prestación do servizo de desprazamento das persoas usuarias a que se refire o artigo 1.7 da Orde:
 - Comprométese a prestar o servizo de desprazamento no caso de que as persoas usuarias queiran facer uso do mesmo
 - Non estar interesado/a en prestar o servizo de desprazamento das persoas usuarias.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Certificado médico oficial acreditativo do estado de saúde.
- Anexo III cos datos da persoa que se vaia encargar do desenvolvemento do proxecto no caso de cooperativas de traballo asociado.
- Xustificante de ter contratada unha póliza de seguro nos termos previstos no artigo 10.1.b) da Orde.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNAME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma	<input type="checkbox"/>
Alta na Seguridade Social no réxime especial de Autónomos	<input type="checkbox"/>
Inhabilitacións vixentes para obter subvencións do solicitante rexistradas na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) no período solicitado	<input type="checkbox"/>
Concesións das axudas ás cales aplican a regra <i>de minimis</i> vixentes do solicitante e rexistradas na Base de datos nacional de subvencións (BDNS)	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a continuidade de casas do maior, en réxime de concorrència non competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento BS212B).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO II

SOLICITUDE DE PAGO E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA
 BS212B - AXUDAS PARA A CONTINUIDADE DE CASAS DO MAIOR

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA CASA DO MAIOR

NOME	PROVINCIA	CONCELLO	Nº DE EXPEDIENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

SOLICITA

<input type="checkbox"/>	Que se teña por presentada a documentación xustificativa relativa ás actuacións realizadas no ano 2021.
<input type="checkbox"/>	O pagamento a conta da axuda concedida polo servizo de desprazamento correspondente ao período <input type="text"/> da anualidade en curso, para o que achega documentación xustificativa.
<input type="checkbox"/>	Que se aboe o importe restante da axuda concedida polo servizo de desprazamento, correspondente á anualidade en curso, para o que achega a documentación xustificativa

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

<input type="checkbox"/>	Rexistros mensuais de asistencia asinados polas persoas usuarias o polos seus representantes (anexo IV).
<input type="checkbox"/>	Rexistros mensuais do servizo de desprazamento asinados polas persoas usuarias o polos seus representantes (anexo V).
<input type="checkbox"/>	Rexistros mensuais do servizo de manutención asinados polas persoas usuarias o polos seus representantes (anexo VI).
<input type="checkbox"/>	Memoria de actuación asinada pola persoa responsable do desenvolvemento do proxecto.
<input type="checkbox"/>	Acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, fotocopias, capturas de pantalla...) do cumprimento do deber de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa expedida polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) ou mutua colaboradora, no suposto de terse accollido á prestación extraordinaria por cese de actividade das persoas traballadoras autónomas ao abeiro do Real decreto lei 8/2020.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
Vida laboral dos últimos 12 meses	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Imposto de actividades económicas	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

CVE-DOG: owu9a6e0-jcj1-hrr0-ido3-s4gosudrm3d9


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE POLÍTICA
 SOCIAL

ANEXO III

COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS NO CASO DE COOPERATIVAS
 BS212B - AXUDAS PARA A CONTINUIDADE DE CASAS DO MAIOR

DATOS DA PERSOA QUE VAI DESENVOLVER O PROXECTO

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR
 Certificado médico oficial acreditativo do estado de saúde.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa que vai desenvolver o proxecto piloto	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Alta na Seguridade Social no réxime especial de autónomos	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma	<input type="checkbox"/>
Inhabilitacións vixentes para obter subvencións da persoa que vaia desenvolver o proxecto rexistradas na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) no período solicitado	<input type="checkbox"/>
Concesións das axudas ás cales aplican a regra <i>de minimis</i> vixentes das persoas que vaian a desenvolver o proxecto rexistradas na Base de datos nacional de subvencións (BDNS)	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZA A CONSULTA
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXP e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA QUE VAI DESENVOLVER O PROXECTO

Lugar e data , de de



Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




ANEXO IV

REGISTRO MENSUAL DE ASISTENCIA Á CASA DO MAIOR
BS212B - AXUDAS PARA A CONTINUIDADE DE CASAS DO MAIOR

NOME DA CASA DO MAIOR		CONCELLO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
PERSONA RESPONSABLE DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO		NIF	MES
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA PERSOA USUARIA				DATOS DO TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL		SIGNATURA
NOME E APELIDOS	NIF	DÍAS DE ASISTENCIA MENSUAL	HORARIO DE ASISTENCIA	NOME E APELIDOS	NIF	

SIGNATURA DA PERSOA RESPONSABLE DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Lugar e data , de de

